

**A HISTORIA DA LINGUA GALEGA
DE AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO.
EN MISIÓN CIENTÍFICA DE ALTA
«QUENTURA PATRIÓTICA»?**

Rosario Álvarez

Instituto da Lingua Galega,
Universidade de Santiago de Compostela

DOI: 10.17075/fmfhv.2021.003

Ao longo dos anos 50 do pasado século, cando a ditadura franquista se vía consolidada e se espaxiaban as derradeiras esperanzas dunha rápida volta á normalidade democrática, xermolou un fermoso e afoutado proxecto de afirmación tanto da identidade coma da fortaleza da cultura galega, en diálogo frutífero entre a Galicia da Terra e a que florecía nas ribeiras do río da Prata, do outro lado do mar: a *Historia de Galiza*. Foi concibida e financiada desde a emigración americana, en Buenos Aires, con Manuel Puente como primeiro protagonista principal, e logo impresa entre Montevideo e a capital porteña, co concurso fundamental de Lois Tobío; foi redactada case integramente por intelectuais galegos en Galicia¹, coordinados por Ramón Otero Pedrayo e seleccionados por este co auxilio de Cuevillas e Ferro Couselo. Non é o lugar de nos estender no contexto histórico do proxecto e as súas vicisitudes, que atoparán outro máis acaído no capítulo de Ramón Villares neste mesmo volume; avanzaremos só que, tras un demorado período de elaboración, superadas todas as dificultades, os primeiros dos tres tomos viñeron a lume no verán do ano 1962, e o derradeiro en 1973.

A *Historia de Galiza* concíbese desde a primeira hora como unha obra que esixirá investigación a partir das fontes, pois non abondará cunha revisión da bibliografía existente, desigual no seu rigor metodolóxico e, sobre todo, lacunar, por non dicir que para grandes áreas era inexistente. Este trazo define esta empresa fronte á *Galicia histórica* planeada desde o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (IPSEG), pois esta prográmase como unha «recopilación y extracto de lo publicado sobre historia gallega sin investigación particular»; en cambio «la nuestra, [será] unha historia original, basada casi en todas sus partes

¹ A única excepción proveniente da Galicia de alén mar foi Emilio Pita, autor dun breve capítulo «Música e danza», incluído no primeiro volume cando xa estaba próximo a editarse; a resposta de Pita a Lois Tobío, aceptando a encarga transmitida por Puente e Prada, é de 2/10/1961 (*Proxecto Epístola*, CCG).

en nuevas investigaciones, de gran amplitud y crítica, formada, sentida y escrita *desde dentro*» (carta de R.O.P. a M.P., 13/07/1948²).

No planeamento da obra compróbase a dificultade de abordar algunhas temáticas ou de facer encargos concretos para algúns períodos, por falta de estudos previos que actúen como punto de partida, pola catividade das infraestruturas en Galicia, pola ausencia dun tecido académico que sosteña a investigación, pola distancia aos arquivos que, fóra dela, custodian os seus fondos patrimoniais e, naturalmente, pola escasez de posibles autores, minguado o elenco que xermolou en tempos do Seminario de Estudos Galegos, por causa da represión, a guerra e o exilio. Téñase en conta, ademais, que dado o espírito que alenta a obra, os colaboradores deben compartir uns principios básicos de defensa de Galicia e da cultura galega, por iso «resulta que salvo levísimas excepciónes los mejores son siempre los antiguos galleguistas aunque algunos hayan dejado de serlo» (carta de R.O.P. a M.P., 26/01/1948). O ambiente que se respira é o do fervor dos que se preparan para cumpriren unha misión patriótica: «Entre los colaboradores reina el entusiasmo perseverante de quienes han hecho promesa solemne ante su conciencia y la de Galicia de hacer una labor honrada y alta rindiendo el maximum de lo que de cada uno puede exigirse» (carta de R.O.P. a M.P., 26/03/1949).

Un dos capítulos de maior dificultade é, por iso, o dedicado á lingua galega, que xa non fora un campo especialmente cultivado en tempos do SEG, a pesar de contar este desde o seu nacemento cunha Sección de Filoloxía coordinada polo que tamén era presidente, Armando Cotarelo Valledor, desde o ano 1925 trasladado a Madrid. Consonte a natureza do conxunto, no proxecto inicial da *Historia de Galiza*, Otero, Cuevillas e Ferro non conciben o capítulo da lingua como unha exposición descritiva do galego senón como unha historia do idioma (carta R.O.P. a M.P., 31/10/1947). Sen dúbida enfrontados co escasísimo desenvolvemento destes estudos no sistema académico e cultural galego, suxírense como posibilidades dous estudosos con probada formación na nova ciencia lingüística, Vicente García de Diego (Vinuesa, Soria, 1878-Madrid, 1978) e

² Nas referencias epistolares usamos de regra as iniciais dos correspondentes. A correspondencia cruzada entre Ramón Otero Pedrayo e Manuel Puente, procedente do arquivo do segundo, está dixitalizada e integrada no Fondo Fundación Manuel Puente, do Consello da Cultura Galega.

Dámaso Alonso (Madrid, 1898-1990). O primeiro non era galego, mais fora catedrático de latín e castelán do Instituto de Pontevedra, trabara boas relacións cos círculos intelectuais galeguistas, que seguía mantendo, e tiña obra publicada que testemuñaba o seu coñecemento do idioma galego e da súa historia (García de Diego 1909, 1946); o segundo, catedrático na Universidade de Madrid, era xa unha autoridade de prestixio internacional na filoloxía hispánica, mais non era remota a posibilidade de que volvese a ollada Galicia, toda vez que xa manifestara privadamente a vontade de ocuparse da lingua da terra de seus pais, a ambas as beiras da conca do Eo³. As dificultades engadidas, seguramente, fan que no primeiro plan da obra remitido a seguir (carta de R.O.P. a M.P., 26/01/1948) non figure a historia da lingua, salvo no que se refire ao «de valor histórico del desarrollo de la lengua» vinculado á «historia completa de la denominada literatura galáico-portuguesa», no capítulo que propón encargar a Filgueira Valverde.

Co proxecto xa en marcha e rotas as primeiras previsións de prazos, retómase a vella idea de dedicarlle un capítulo á lingua, que se encarga a Aquilino Iglesia Alvariño.

POR FIN, AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

Como xa dixemos, Aquilino Iglesia Alvariño non forma parte do proxecto inicial da *Historia de Galiza*, que inicia a travesía sen o capítulo dedicado á lingua galega con que se contaba de primeiras. Todo parece indicar que a ausencia se debe ás dificultades para atopar un autor cualificado en todos os sentidos, pois debía cumprir o requisito da autoridade científica e o do compromiso con Galicia.

³ Dámaso Alonso mantiña correspondencia con Ramón Otero Pedrayo, un dos seus informantes privilegiados sobre datos lingüísticos galegos, e profesábanse mutua admiración. Entre os varios treitos ilustrativos do seu interese polo galego, valla esta mostra: «Mucho me interesa todo lo suyo, y en general, ahora todo lo gallego. Me he propuesto (pero Dios dispone) estudiar a fondo el gallego hablado en Asturias, tan imperfectamente conocido. Claro que esto me obligaría a estudiar dos fajas limítrofes, la gallega del Este de Lugo, y la gallego-asturiana del Este del Navia (pues, contra lo que suele decirse, de Navia al Río Canero, y aún más allá, la lengua es aun predominantemente gallega)» (carta de D.A. a R.O.P., 1953; Fernández Salgado 2018: 256).

Hoxe por hoxe non estamos en condicións de trazar a cronoloxía completa e precisa dos avatares, que acaso se poida chegar a establecer con máis documentación durmida en epistolarios aínda por editar. En todo caso, a finais da década dos 40, cando aínda se confiaba en ter o primeiro tomo listo para o prelo en 1951, segundo o programa inicial (carta de R.O.P. a M.P., 23/12/1949), Aquilino Iglesia Alvariño non formaba parte do proxecto.

A encarga debeuse de producir no ano 1951, e non é doado establecer se foi primeiro a decisión de recuperar a liña temática ou o descubrimento do filólogo ao que se lle podería facer a encarga. Pola correspondencia sabemos que no ano seguinte o compromiso aínda non cumprido trae aqueloutrado o autor, que se desculpa e desafoga nunha breve nota: «Inda que non folgo moito, non poido aínda prometerlle que lle leve neste mes o meu traballo. Non rindo nada en traballos de encarga e penso non facer cargo doutro na miña vida» (carta a R.O.P., 08/05/1952)⁴. E tamén que a encarga, que se debeu efectuar xa ben andado o ano 1951, está sufrindo máis atrasos dos que quixera o seu autor: «O meu traballo debera estar hoxe rematado. Xa pasa do ano que me foi encomendado, como agora vexo pola súa carta de daquela. A razón de que aínda non esteña é que o penséi primeiro con máis amplitud do que debía. Penso darllo, así e todo, pola Semana Santa», en referencia á de 1953 (carta a R.O.P., 09/11/1952). A fins de ano, Otero comunica ao promotor que este traballo non está aínda en condicións de ser enviado: «O traballo de Hist^a da Lingoa puidose mandar e non se mandou porque Ferro e eu estimamos que comprían algunhas modificacións. Eu arranxarei o asunto —cousa delicada— co autor, home sabio e bon, pro que tén as súas rarezas» (carta de R.O.P. a M.P., 21/12/1953).

A cronoloxía é concordante. Non esquezamos que en 1949 Aquilino Iglesia Alvariño gaña por oposición a Cátedra de Latín de Lugo —axiña se trasladaría a Pontevedra— e no mesmo ano le o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, acto no que se achega á literatura desde a lingüística (*A lingua dos poetas do norte de Lugo*) e é respondido por Ramón Otero Pedrayo. E, para completar, no mes de san Xoán do ano 1951 publica a súa versión dos *Carmina* de Horacio, onde demostra os seus coñecementos de ambas as linguas e a súa madurez como

⁴ As citas de cartas de A.I.A a R.O.P. proceden do Fondo Otero Pedrayo da Fundación Penzol.

filólogo; a autoridade científica vén avalada, ademais, polo CSIC, que edita a obra a través do Instituto Padre Sarmiento. Cabe pensar que, sen minusvalorar outras fontes inspiradoras, nesas coordenadas o propio director da *Historia de Galiza* podería decatarse de que aí estaba o filólogo experto que xa desistira de procurar.

PACTO POLA UNIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

Acordado desde o comezo, por decisión americana, que a obra debía ser redactada en lingua galega, restaba resolver o problema da ausencia dunha norma lingüística comunmente aceptada. Puente insiste reiteradamente, desde a primeira hora, tanto na necesidade de redacción dos criterios coma na de contratar unha persoa que faga o traballo de revisión: «debe ser escrita totalmente en gallego; procurando que haya unidad de estilo y uniformidad de idioma, para lo cual, puede Ud. designar al más indicado para esta tarea asignándole una retribución» (carta de M.P. a R.O.P., 30/11/1947). A pesar do ofrecemento e da insistencia, en contra do máis elemental sentido práctico, os primeiros traballos chegan a Buenos Aires con ese asunto sen resolver, pois a corrección da lingua sobre as probas de imprenta producirá non só un atraso no proceso de edición senón un grave quebranto económico. Puente, ao borde da desesperación, visto que en Galicia non se dá nomeado unha persoa para «a debida unificación da ortografía e do léxico», ofrécese a buscala en América, pero esixe que ese labor estea «suxeto as definitivas definicións que acorde vosté, por sí ou cos autores dos traballos» (carta a R.O.P., 20/12/1955). As persoas citadas como idóneas para ese labor de revisión son Ramón Piñeiro en Galicia e Lois Tobío en Montevideo.

Por fin, na primavera do ano 56, tras unha carta case cominatoria do promotor (carta de M.P. a R.O.P., 27/04/1956), deciden actuar. O 22 de maio de 1956 asinan en Ourense uns *Acordos pra a unificación lingüística das colaboraciós da Historia de Galiza, dirixida por Don Ramón Otero Pedrayo*⁵, que editamos en

⁵ Ben documentados, tanto no Arquivo Francisco Fernández del Riego coma no Fondo Ramón Otero Pedrayo da Fundación Penzol. No primeiro consérvase a copia manuscrita en que Aquilino Iglesia recolleu as decisións.

apéndice e nos que xogou un importante papel Aquilino Iglesia, o filólogo do grupo.

Na documentación consta un texto da súa autoría que a todas luces foi preparado como pronunciamento previo ou proposta para o debate, *Normas prácticas para la unificación ortográfica de las colaboraciones destinadas a la «Historia de Galicia» que dirige D. Ramón Otero Pedrayo*, que tamén editamos neste volume. Nelas Aquilino Iglesia decide propoñer unhas normas apropiadas para resolver a situación creada para unificar a lingua desta obra en concreto, diferentes das que el mesmo proporía de modo xeral para o galego literario do seu tempo de acordo co seu ideario lingüístico. Na súa proposta «práctica», sen renunciar á «dignificación de nuestra lengua», para facilitar a tarefa de escritores e lectores, procura a maior simplicidade e non afastarse moito das normas castelás que uns e outros coñecen; ao mesmo tempo, propón a harmonía coas outras linguas romances, no sentido de preferir as formas plenas e máis próximas á etimoloxía consonte a evolución tradicional, descartando solucións fonéticas populares irregulares ou non xeneralizadas, adoito marcadas social ou dialectalmente; rexeita o diferencialismo como divisa, sobre todo se se usa para fuxir da coincidencia co español, e recomenda ser parco no rescate de «formas históricas caducadas»; sostén que se debe respectar a forma culta dos neoloxismos tomados das linguas clásicas; e advirte de que a ortografía non debe esforzarse en ser fonética ata os últimos extremos. En suma, «Aconsejamos en general el empleo de formas vivas, en las variantes más correctas en relación con su etimología, si es que las tienen, siempre dentro de un sentido de dignidad y lejos de una estraña pretensión de casticismo» (AIA, *Normas*: 2).

Estas ideas lingüísticas non difiren moito das que, por consenso, se plasman nos *Acordos*, un texto no que se toma posición sobre maior número de cuestións e nalgúns aspectos se opta por solucións diferentes das propostas por Iglesia Alvariño. El foi o encargado de tomar nota das decisións e de darlles forma, de modo que é o autor material do documento colectivo; un texto que con posterioridade aínda correu en copia, cando menos entre algúns autores —acaso ausentes no conclave ourensán?—, para ter a garantía de conformidade total: «Recibín o seu recado e deixéi as copias a Pedret i a Bouza, asegún me indicaba. O día 27 ou 28 quedóu Fermín a facelas chegare a súa man, anotadas ou non. No me parece que hax moitas diverxencias. De habelas, tomaránse como firmas

os criterios da maioría, visto que se trata de normas prácticas» (carta de A.I.A. a R.O.P., 21/06/1956).

Os *Acordos* mostran un modelo de galego escrito concordante co que subxace na «normativa Galaxia», que constitúe a referencia básica durante as décadas dos 50 e 60 do século XX. Unha proposta moi afastada da contida, no fondo e na forma, na *Consideración encol do traballo de don Aquilino Iglesias [sic] Alvariño, «A lingua gallega. Historia do seu vocabulario»* con que, como veremos, os informadores contactados por Manuel Puente en Buenos Aires rexeitan este capítulo (vid. apéndice). Dous idearios lingüísticos confrontados.

PER ARDUA SURGO

A encomenda feita a Aquilino Iglesia Alvariño, certamente, non era doada, e moito menos no breve espazo de tempo de que dispoñía. Á escasísima tradición de estudos sobre as características da lingua galega de todos os tempos, e nomeadamente de etapas recuadas do idioma, únase na altura dos 50 a ausencia de fontes históricas transcritas das que se puidesen recadar datos suficientes. O propio Otero disuade a Manuel Puente de dedicar tempo e recursos a editar os Cancioneiros co argumento de que «hoxe non hai eruditos galegos capaces de pôrse á impresión do Cancioneiros que xa están mañificamente editados por os portugueses e aínda van a selo millor», cando «Pra facer a historia de Língua compre publicar moitos textos galegos aínda na mesma Galiza non citados por os eruditos» (carta de R.O.P. a M.P., 03/05/1952). A sólida formación e as altas capacidades do autor non abondan por si soas para superar o reto no ermo da ciencia lingüística galega da época. A principal dificultade está, xa, na non dispoñibilidade de recursos e de fontes para realizar a investigación básica, que logo debería permitir esa aproximación á historia da lingua galega.

Descoñecemos o teor da encarga feita a Aquilino Iglesia Alvariño, probablemente imprecisa, e o alcance do seu compromiso, mais todo indica que no seu plan de traballo nunca estivo facer unha «historia da lingua galega». No vasto océano de perspectivas que abría ante si a temática lingüística optou por unha opción posibilista, a de acoutar o campo centrándose no léxico; unha escolla que cadra perfectamente coas súas ideas lingüísticas pois, admitido que as linguas

cambian de forma constante e natural, por múltiples causas que determinan o seu ir e vir, «o estudio cabal do seu vocabulario é o que mellor nos enséñan as repercusións nela dos acontecementos históricos da xente que a fala» (AIA: 14)⁶. Axudaban os seus propios intereses como investigador, como creador e como tradutor, que o facían estar máis atento á forma e significado de palabras e expresións, nunha situación de variación lingüística que permitía mostrar a riqueza do acervo galego de raíz tradicional e asemade valorar a súa especificidade, vencellada á cultura ancestral, fronte a outras linguas. Axudaba tamén o feito de que, na súa febleza, a tradición lexicográfica galega era algo máis consistente cá gramatical e, por suposto, cá sociolingüística ou da historia social do idioma; e que a súa formación clásica e humanística, adquiridas no Seminario de Mondoñedo, eran un bo reforzo para, aproveitando os grandes avances da filoloxía románica, alentar a pescuda da mudanza diacrónica de formas e significados. Por outra parte, a concreción do léxico permite exemplificar con abundancia de exemplos ilustrativos o acontecido na historia do idioma galego sobre a base dun esquema expositivo compatible con outras linguas románicas de descrición máis avanzada.

A este respecto cremos significativo o contido dos dous capítulos iniciais, que nesta edición aparecen agrupados baixo *I. [O camiño histórico da lingua gallega]*. No primeiro sintetiza o que daquela podía dicir de historia da lingua galega; no segundo, máis extenso, fai unha revisión crítica completa de todo o producido sobre o galego, con especial atención ao léxico. No primeiro establece o fío histórico que axuda a explicar como e por que un latín que non debía ser moi diferente do espallado no Imperio, rompendo en ondas sucesivas a uniformidade, foi modificando a súa fasquía en Galicia; xogan nese proceso e nos seus resultados tanto o carácter dos nosos devanceiros e da súa sociedade, basicamente labrega e mariñeira con pouca vida intelectual, coma a influencia da igrexa evanxelizadora, das elites dominantes —autóctonas ou foráneas— e o grao de regularidade do cultivo escrito. No segundo, o científico preocupado polo método propón unha viaxe polo estado da arte, facendo reconto e exposición crítica das fontes bibliográficas que poden servir como punto de partida, tanto das nacidas á luz das «escolas romanistas, empeñadas en erguer o gran

⁶ Usamos esta convención para as citas tiradas de *A lingua gallega*.

mundo do Latín Vulgar sobre os restos das linguas romances», coma das anteriores, mesmo sen descoidar as que «se viñan facendo con menos acerto que boa intención» (AIA: 7). Un estado da arte deficitario que, en última instancia, é unha consecuencia da historia social da lingua descrita no capítulo anterior. Estes son os marcos en que hai que entender o traballo que se propuxo realizar. Dío ben o seu título cun subtítulo restrictivo: «A lingua gallega. Historia do seu vocabulario».

Atopámonos, certamente, diante da obra dun filólogo que se esforza tanto por coñecer e considerar a obra dos seus antecesores en Galicia coma por pórse ao día dos notables avances da ciencia lingüística do seu tempo, por máis que advirta que nalgúns aspectos camiñe tartariñando; dille en carta a Otero, cando este xa está agardando pola primeira revisión do texto: «Se non hai tanta presa como parecía, revisarei o traballo por enteiro. Non hai cousa que se arme sobre fundamentos tan quebradizos coma os estudos de filoloxía e lingüística. Sempre se están a renovar» (carta de A.I.A a R.O.P., 02/08/1954). Mais tamén estamos diante da obra dun filólogo que, para cumprir coa súa encomenda, confía máis na lingua falada ca na lingua escrita: a primeira é popular, con tradición, cambiante, natural, viva... fronte á segunda, academizante, con tendencia á uniformización e cun alto grao de artificio.

O SEU DESEMPEÑO

A achega elaborada por Aquilino Iglesia para contribuír á *Historia de Galiza* estrutúrase en seis partes, ademais da dedicada á bibliografía. A primeira, xa mencionada, contén uns preliminares necesarios; as outras cinco están dedicadas a desenvolver, nos sucesivos capítulos que as integran, a historia do léxico galego. A concepción global móvese entre un manual de ciencias do léxico —con atención á lexicografía, lexicoloxía e onomástica— e unha aproximación aplicada á descrición sincrónica e diacrónica do léxico galego, mostrando como todas as categorías, procesos e relacións expostas se verifican ao longo da súa historia e da súa combinatoria resultan os trazos distintivos do sistema.

A *Introdución* ábrese con esta afirmación, a modo de axioma, «Ven o gallego do latín trasplantado a Galicia». Dun lado presta atención a que se trata dunha

lingua non autóctona, que precisa dun tempo e dun proceso de implantación no novo territorio no que foi transplantada; doutro a que esa nova terra de cultivo era Galicia, con características sociais, orográficas e culturais propias, que terán a súa transcendencia no arraigamento da nova lingua e na súa acomodación neste ecosistema; e doutro, finalmente, ás vicisitudes históricas, internas, desa lingua que se vai transformando ao longo do tempo, primeiro mentres se naturaliza e logo xa convertida en lingua galega, en mudanza permanente, no tempo e no espazo. Mostra canto importan os avatares históricos (a romanización, a cristianización, a ocupación sueva, a construción dos mosteiros, a invasión musulmá, a reconquista, a peregrinación a Santiago, o dominio de Castela...); concede unha atención especial ao tipo de sociedade que a fala e aos usos maioritarios que fai popularmente dela, mesmo no plano oral; e non desatende a importancia dos usos elevados e da escrita, considerando no só o grao en que ocorren senón tamén o tipo de cultivo. Neste marco dá unha interpretación controvertida sobre o esmorecemento do cultivo escrito do galego á fin da Idade Media e sobre a penetración e instalación do castelán en Galicia. Todo o relativo á castelanización foi motivos de rexeitamento dos promotores porteños.

No capítulo dedicado ao estudo do galego sinala con perspicacia como nun breve treito temporal se producen o rexurdimento literario, que trae consigo as primeiras gramáticas e vocabularios convencionais, e axiña «dúas novas que avivaron un tanto estes estudos. Unha foi a da (re)aparición da lírica medieval gallega (...), e outra, a da nova ciencia lingüística, que viña a poñer unhas novas bases pra o estudio dos fonemas e do vocabulario» (AIA: 7). Tras unha intensa pescuda, no seu breve relato remóntase a contribucións anecdóticas, coma a do bacharel Olea, e a frei Martín Sarmiento, para logo facer unha exposición crítica dos dicionarios, vocabularios e glosarios publicados entre 1863 e 1952, data de redacción do capítulo; con todo, consigna, nun plano secundario, os avances paralelos no campo da gramática sincrónica e diacrónica, dialectoloxía, onomástica, etimoloxía, ortografía e estilística nun espazo cultural máis alargado. Con atención desigual, por razóns obvias, nese percurso detense tanto en dicionarios coma o de Rodríguez (1863), Cuveiro (1876) ou Carré (1928, 1931), coma en obras menores, por exemplo o vocabulario que inclúe a gramática de Mirás (1864) ou o glosario que acompaña *Cantares Gallegos* (1963); é importante sinalar que non esquece nin os vocabularios que inclúen adoito as

edicións da lírica medieval nin os que recollen voces da lingua falada en pequenos dominios, publicados en revistas como *Nós* e *CEG*.

Nos comentarios sobre as diferentes obras percíbese xa en parte o seu ideario lingüístico: no eloxio a Mirás por «transcribir os matices fonéticos según o lugar en que fixera a recollida, cun novísimo sentido do seu labor» (AIA: 8) e ás obras que ofrecen «contido popular e vivo» ou achegan voces populares das diferentes comarcas; na aceptación, discreta, de que o vocabulario de Filgueira *et alii* (1926) «si se editara como era debido, tería a súa importancia. Ten de novidade o feito de presentar un sinnúmero de neoloxismos analóxicos, non rexistrados en ningures e sigue a tradición de dar preferencia á formas históricas vencidas» (AIA: 9), é dicir, crea dentro do sistema e recupera variantes populares tradicionais; na crítica ao carácter «libresco» dos dicionarios de Rodríguez (1963), de Cuveiro (1876), durísima, e da RAG (1913-1928). Repárese na frase lapidaria (cursivas nosas) con que remata o comentario do derradeiro: «Quedou parado na voz CATIVO, e, no que vai feito, aspira á ser un dicionario de autoridades. Procura recoller mellor que ningún outro os distintos sinificados e a fraseoloxía de cada palabra; pero continúa co defecto de ser moi libresco, cousa moi de notar tratándose *dunha lingua en que o máis e o mellor non está nos libros*» (AIA: 9).

Arrinca neste punto o desenvolvemento do estudo do vocabulario galego e a súa historia, na súa complexidade:

O vocabulario gallego é unha tulla inmensa de palabras vellas e novas, de bos ditos e bocaladas, de palabras comúis e de palabras enrevesadas, de palabras secas coma paus do forno e de palabras espresivas, cheas de humor e agarimo. Resulta ademais que nada é máis cambiante que o ir e vir deste vocabulario, que se está sempre á facer e refacer, que é sempre o mesmo e sempre é distinto. Pero, por enriba de todas estas cuestións, a que os amantes da lingua de Galicia senten, sobre todo, é a do orixe deste vocabulario. De onde veu cada palabra. En que intre pasou á nosa lingua. Outro problema relacionado con éste, anque non é tan vivamente sentido, é o dos cambios de sinificación que vimos que experimentan as palabras. Saber cando, cómo e por qué unha palabra cambia de sinificación é conocer o máis interesante da súa propia vida (AIA: 20).

De acordo co método científico, a modo de marco teórico, en (II) explica conceptos básicos, interpreta a variación lingüística e expón procesos de mudanza,

ao noso xuízo cun dobre obxectivo: tentar asegurar a correcta comprensión do que vai describir a continuación e situar a caracterización do galego na máis absoluta normalidade comparada, xa que os resultados particulares son debidos ao cumprimento de procesos universais.

En (III), a parte central e máis extensa, aplica os presupostos anteriores a expor como nacen as palabras e como se amplía o sistema léxico dunha lingua, en definitiva como se produciu a *Renovación do vocabulario* galego, a partir do fondo primitivo «formado polo latín vulgar de Galicia» —común de modo xeral na Romanía—, fragmentado e levemente modificado polos «substratos nativos que volvían á tona» e os «superstratos dos bárbaros», e mais pola forza renovadora do cristianismo, que o leva a afirmar que «Deste punto de vista o gallego é sobre todo latín cristiano» (AIA: 22-24). Esténdese na necesidade de neoloxismos en todas as etapas históricas, incorporados doutras linguas, xerados totalmente a partir da propia ou só como novidade semántica, aínda que advirte de que «nos chegan tódalas novidades por intermedio da lingua oficial, considerada como espello de ben decir e inculcada en tódolos centros de cultura: na escola, no instituto, na universidá, nas prácticas da vida civil, militar e relixiosa, todas elas fontes de neoloxismos. O gallego, deste xeito, non sólo se vai enchendo de neoloxismos, senón de palabras castellanas, que non é a mesma cousa» (AIA: 27). As vías para ampliar o vocabulario dunha lingua son só dúas, a importación e a creación propia. A primeira introduce palabras provenientes doutras linguas, diferentes ao longo da historia, entre as que atopan un lugar especial, polo seu carácter, os tecnicismos provenientes das linguas clásicas e, polo seu número, as que proceden do castelán ou doutras linguas modernas a través deste. Na segunda recórrese á composición ou á derivación, e dentro desta máis á sufixación cá prefixación; fóra delas, están a renovación semántica e a onomatopea.

No seu percurso expráíase en mostrar os recursos galegos para cada procedemento ao longo da historia, con abundante exemplificación e comentarios: un verdadeiro manual. Critica aos puristas «que quixeran unha lingua firme nas formas que se lles antoxan máis belas, como si se tratara dun fermoso mármore» (AIA: 27); tamén aos que, apelando a destempo á fonética histórica, pretenden disfrazar os castelanismos con solucións —como *tornelo*— «que repunan a todo gallego-parlante por estar fora da concencia lingüística común» (AIA: 29). E ironiza sobre os escritores que se perden «nunha penosa labor de restauración

histórica, coa pretensión infantil de acubillar a nobreza da antiga lingua de Roma», empeñados en tornar o culto vulgar, «pra un vulgo minoritario de eruditos que conoza catro leises de fonética, a non ser que escriba pra os señores Condes de Betanzos ou Monterrey» (AIA: 30). E non se libran os que «botan mau do portugués —“tú que non podes, lévame ás costas”—, co que can nunha servidume moito meirande» (AIA: 29), en alusión á debilidade da posición do portugués para liderar a creación neolóxica no concerto das linguas de cultura occidentais. A permisividade respecto do castelán (ata certo punto) e este comentario sobre o portugués tampouco gustaron aos promotores porteños.

En (IV), baixo o expresivo título «A vida íntima das palabras» expón os diversos procesos que, ao longo da historia dunha lingua e da comunidade que a fala, poden conducir a cambios na súa forma ou no seu significado. Non se refire nel ás mudanzas debidas á actuación das leis fonéticas que actúan de modo xeral, senón aos procesos aparentemente anómalos: trátase de estudar «algús aspectos da loita xorda que se libra entre as palabras por razón da súa forma e do seu significado, o principio de constante renovación que radica no fondo de cada individuo e de cada sociedade, e os secretos camiños que sigue». Unha vez máis o aparato teórico desenvolto pola lingüística do seu tempo serve de marco para expor, de xeito certamente suxestivo, con exemplos galegos, os procesos descritos.

En (V) analiza o elemento intelectual e o afectivo para mostrar, como di o título, «A lingua, espello da cultura e da sensibilidade». A primeira aproximación céntraa un aspecto que considera da maior importancia: o feito de ser o galego unha lingua popular de labregos e mariñeiros explica a riqueza de substantivos concretos, capaces de discriminar entidades por múltiples matices (forma, cor, idade, uso, destino...), e tamén a multiplicidade de denominacións, e aínda o cruzamento e falta de univocidade entre estas; pola mesma, a carencia de estudos científicos e técnicos e dun desenvolvemento literario e filosófico, privan o galego de crear termos abstractos e de procurar terminoloxía propia. Na análise do elemento afectivo detense sobre todo no formulismo social asociado ao tratamento, no eufemismo, na interxección e na onomatopea.

En (VI) «A lingua, espello da historia» expón, case a xeito de conclusión, que todo o anterior está, en definitiva, condicionado pola historia, desde a aparición da lingua nas fondas crises políticas e sociais na Galicia tardorromana e altomedieval, ata a profunda transformación provocada pola industria e as novidades

contemporáneas espalladas polos medios de comunicación. Analiza as causas de «morte» das palabras, unhas de carácter estritamente lingüístico, que se poden explicar por reaxustes dentro do sistema, e outras de carácter social: «O enemigo número un do vocabulario é, con moito, o cambio da sociedade, dos usos, costumes, afeños, útiles de cociña, etc.» (AIA: 93).

MOTIVOS DUN DESENCONTRO

Os correspondentes americanos quedaron decepcionados co capítulo dedicado á lingua, no fondo e na forma. Consideraron que o contido e o ton non respondían ao ideario que impulsaba a misión patriótica e que o modelo culto empregado na redacción era a plasmación manifesta do anterior. Non cuestionan en ningún momento, e así o din expresamente, os aspectos científicos e técnicos do traballo, que estiman de altísimo mérito. O feito é que se negan a publicar o traballo nese estado e instan a Otero a que, deixando de lado «nobres razóns de polidez pra co autor e de respecto a liberdade de pensamento do mesmo» (carta de M.P. a R.O.P., 20/12/1955), exerza de director da obra e lle pida a Aquilino Iglesia que o modifique ou que, non estando este disposto, busque outro autor que tome sobre si a encarga dunha nova redacción.

Algúns problemas advertira xa don Ramón, que en carta a Puente de fins do ano 53 (21/12/1953, citada máis arriba) afirma non lle poder enviar ese capítulo porque el e Ferro estiman que cómpren algunhas modificacións e que esperan poder convencer o autor; de aí deben proceder as primeiras modificacións, coma a de avirse a cambiar «gallego» por «galego», tras responder «No me importa pouco nin moito que no meu traballo se leya galego ou gallego. Son o primeiro en non estar moi seguro como se debe decir» (carta de A.I.A. a R.O.P., 18/01/1954). Á parte de cuestións formais coma a anterior, a petición de Otero, en calidade de director, non debeu de ir no sentido de reconsiderar a orientación e refacer o capítulo senón no de completalo cunha parte final que cadrase co alento da publicación. Só así se entenden as palabras do autor, no remate da carta mencionada:

Non sei si lle teño dito que non hai cousa que máis me teña arrependido que de facerme cargo dese traballo, nin me salíu outro das mans do que menos satisfeito estivese. Tendo en conta que o gallego ten pouco que ver coa Idá do Ferro e que mellor se acompasa co correr das rúas de Compostela, se o quixera deixar fora do primeiro volume pareceríame ben. E si llo queren encargar a outro, parécese mellor. Penso velo a coarta feira que ven. Según o que me diga, faréi ou non ese final do *Porvir do Galego*, que sabe vosté que non está na lingua, senón na xente.

A conversa debeu correr ben pois Aquilino Iglesia chegaría a redactar «O porvir do galego», que editamos como anexo neste volume. A correspondencia dese ano mostra ata que punto se sentía apremado pola carga do compromiso adquirido, a propia insatisfacción, os ritmos impostos polo seu rigor metodolóxico e a exigüidade dos prazos. Por fin, no verán anúncialle ao director que xa o ten rematado e que llo quere dar en man, mais non aínda plenamente satisfeito no seu desempeño, ávido de cumprir coas expectativas depositadas nel polo patriarca das letras galegas, afirma: «Se non hai tanta presa como parecía, revisaréi o traballo por enteiro» (carta de A.I.A. a R.O.P., 02/08/1954).

Os motivos do desencontro posterior co grupo porteño exponos Manuel Puente na mesma carta en que traslada non só a súa «magoante impresión» persoal e do grupo de «amigos patriotas a quenes teño ao tanto de tudo o referente a Historia», senón un informe solicitado para a ocasión a «amigos que xulguei competentes e de ánimo sereo». Segundo este documento non asinado:

1. Ao traballo fáltalle a «quentura patriótica» que debe ter o conxunto da obra e que debe ser compatible coa necesaria «rixidez técnica» e coa «serea e fidel ouxetividade». En lugar de acender o espírito dos galegos e de darlles pulos para traballaren a prol da súa patria, transmite derrotismo e produce un efecto deprimente.
2. O autor non manifesta unha posición de defensa fronte aos castelanismos léxicos. A súa exposición «Deixa no lector unha idea de probeza da nosa lingua e de non ser preciso o conservala por estar superada con amplitude pola lingua castelán». Desde o punto de vista dos críticos, falta unha actitude proactiva en defensa da lingua galega tendente a garantir un futuro mellor, pois a «nosa obriga ten de ser o mantela, fortalecela e doarlle esprendor». Chegan a lanzar a sospeita de que non fose feito para esta

ocasión senón para filólogos e estudantes de filoloxía, pois non atopan xeito de conciliar «o ton “derrotista” que o caracteriza» co lugar especial dentro dunha «obra de alento patriótico galego, como ten de sere isa». A ausencia de confrontación cos castelanismos, entendida como pasividade e aceptación, lévaos a afirmar: «Ben se pode dicir que ise traballo mesmo parecera feito por un filólogo hespañol como capitol encol da lingua galega destiñado a unha obra de técnica lingüística de eisaltazón do idioma castelán».

3. Tampouco lles aprace a referencia ao portugués co dito «tú que non podes, lévame ás costas» (AIA: 29, xa mencionado), duramente interpretado como «un xeito parvo de desprezar» este idioma.
4. Na forma, resulta inaceptable «a cantidade de castelanismos do que istá pragado». No ideario lingüístico dos informantes non se fai distinción entre verdadeiros préstamos do castelán e «verbas comúns aos idiomas galego e castelán», posto que «no afebramento do traballar pra ceibar a nosa lingua das podentes poutas da lingua castelán é patriótico o desbotallas en tudolos casos nos que taes verbas podan seren supridas por outras de craro enxebrismo galego». Acompaña o texto un anexo con «algunhas verbas» que, a xuízo dos redactores, deberan ser substituídas polas que se indican. A análise da listaxe é indicativa por si mesma: algunhas son efectivamente castelanismos moi frecuentes ou xerais no galego falado (*siglo, castellana, cristiana, aldeano, hacienda, hasta...*: 19 %); outras son dialectalismos (*lengua*) e/ou poden ter explicación dentro do galego, nalgún caso exposta polo autor no texto (*sale, solo, solamente*); o 70 % son palabras que coinciden formalmente en galego e castelán (*subía, alegría, renovadora, poderosa, imitación, unidos...*).

Certamente non había modo de conciliación posible, salvo redactando outro texto diferente desde a raíz. Colisionan a presentación do científico que observa o obxecto de estudo e describe sen disimulo nin artificio os feitos —non afecta ao caso se sempre acerta coa interpretación correcta ou non—, e o desexo dos que quixeran un texto apoloxético ou un proxecto transformador que permitise mostrar ou albiscar unha realidade diferente. Confróntase tamén o modelo lingüístico de quen deposita todo o seu creto na lingua como creación popular —cos seus máis e os seus menos, coas consecuencias de todas as vicisitudes da

comunidade que a fala e a transforma cada día— e o ideario lingüístico dos que consideran que as elites culturais teñen o deber de intervir para «reconducir» a lingua e facer que se distancie o máis posible do castelán, non só escollendo opcións diferencialistas entre variantes do diasistema senón inventando falsas formas sen apoio documentado no devir histórico.

O certo é que o director lle traslada ao autor a recomendación de que modifique o seu traballo e este comprométese a facelo, coa mesma disciplina con que accedera xa aos primeiros cambios a requirimento da dirección ourensá do proxecto. Non é doado saber en que termos foi transmitido o recado nin o alcance da aceptación. As alusións na correspondencia tanto se poden referir á forma, en aplicación das normas de unificación aprobadas en 1956, coma ao contido e orientación; de xeito sintomático o autor fala de «*corrixir* canto antes» o traballo e o director comunica ao mecenas que «pronto terá *refeito*» o traballo (21/06/1956 e 08/07/1957, cursivas nosas). Con todo, tras unha nova conversa, parece que a solución se encarreira cara a un novo texto, que xa non formaría parte dos primeiros volumes. Así lle traslada a novidade don Ramón a Manuel Puente (8/10/1957):

Somente duas letras. Xa lle escribirei mais de vagar. Falei longamente co autor proposto pra a Historia da Língua. Mostrouse leal galeguista, reconecendo sua posición e disposto a facer un estudo novo, cheo de verdade, vida e entusiasmo. Ninguén duda da sua competencia. Temos por disgraza poucos filólogos na Nosa Terra. Noso amigo precisa de tempo pra o seu traballo. Agora sintese fondamente con nos e con noso alento.

Eu propoño que se editen os primeiros volumes deixando pra o século once ou doce o ensaio sobre a língua. (...) deixando a Língua pro tempo en que apareza. Con elo se non crebanta o rigor histórico e pode noso amigo en un ano conferir, agora ben e con espírito, o seu compromiso. Atopeime emozado.

A nova redacción do capítulo nunca chegou. Puente reclamouna con insistencia en máis dunha ocasión. Na primavera do ano 61, Aquilino Iglesia aínda escribe satisfeito de que, por fin, en América se vaian dar ao prelo os primeiros volumes da obra que permite cumprir co mandato de Castelao e aliviado de non ser el causa de máis demora. Canto á historia da lingua, «son o premeiro en desear ve-la feita; pero feita como eu a vou pensando, ô meu xeito (...). Ende que

remate co dicionario, daréi comenzo a esa hitoria, da que non é máis que un andar a tentas o que teño feito. Quizaves pra dentón esteña de máis o que agora se me pide. Non importa. Se vivo, fareino» (carta a R.O.P., 30/04/1961. Infelizmente, uns meses máis tarde, o 29 de xullo de 1961, Aquilino Iglesia Alvariño falecía de modo repentino á idade de 52 anos. Galicia perdía un bo filólogo e o capítulo dedicado á Historia da Lingua nunca daría visto a luz.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CONSELLO DA CULTURA GALEGA (2021): *Proxecto Epístola. Lois Tobío Fernández*. (http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistolario.php?epistolario=10267).
- FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé A. (2018): «Dámaso Alonso e a lingüística galega a partir da súa correspondencia (1943-1946) con Ramón Otero Pedrayo», *Revista de Filología Románica*, 35, 242-263. (<https://doi.org/10.5209/RFRM.61696>).
- GARCÍA DE DIEGO, Vicente (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*, Burgos, Hijos de Santiago Rodríguez. [Ed. facsimilar Anexo 23 de *Verba*, Santiago de Compostela, USC, 1984].
- GARCÍA DE DIEGO, Vicente (1946): *Manual de dialectología española*, Madrid, Instituto de Cultura Hispánica.